

SELECCIÓN DE DIRECTOR/A ASISTENTE

NA REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia ten a intención de contratar un/a director/a asistente para o ano 2024, polo cal realizará un proceso de selección.

A Real Filharmonía de Galicia- de agora en diante RFG -é unha das institucións culturais de referencia en Galicia, levando a música clásica a todo o territorio galego e a un amplo abano de persoas. Entre os seus valores fundamentais atópanse a diversidade, a inclusión, a excelencia artística, o apoio á expresión musical contemporánea e a formación e o apoio de futuras xeracións de músicos, compositores e directores. A estreita vinculación con Escola de Altos Estudos Musicais forma un proxecto complementario neste sentido.

Para ampliar o seu compromiso co desenvolvemento profesional, a RFG selecciona un director/a asistente a partir de 2024, ofrecendo a un mozo director/a a posibilidade de obter unha visión ampla e inspiradora, necesaria para ter éxito na escena musical presente e futura.

Ofrécese unha ampla experiencia en todos os aspectos do traballo dunha orquestra sinfónica profesional: asistencia en ensaios e concertos da RFG, estreita colaboración co director titular da orquestra e a directora técnica dirixindo unha gran variedade de concertos e proxectos e colaborando en todos os demais aspectos artísticos e administrativos da orquestra.

No presente documento defínense os requisitos dos aspirantes, as súas atribucións e funcións, a explicación do proceso selectivo e as condicións contractuais.

A RFG facilitará, na medida do posible, outros compromisos artísticos do candidato/a.

REQUISITOS DA SELECCIÓN

PRIMEIRO. Oferta e salario

Convócase un proceso selectivo para a posterior contratación dun/ha director/a asistente da Orquestra Real Filharmonía de Galicia. Ofrécese unha experiencia en todos os aspectos prácticos do mundo musical profesional (dirección, programación, formación, relación con outras institucións artísticas...). A persoa seleccionada gozará dunha oportunidade para profundizar e impulsar a súa carreira coma director/a profesional, baixo a mentoría do director titular e da directora técnica da RFG.

Concluído o proceso de selección, a persoa aspirante que supere e acredite cumprir os requisitos esixidos, formalizará un contrato de servizos ao amparo da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. Para prestación dos servizos, descritos no apartado seguinte, formalizarase un contrato cuxa duración será do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024. Non se require dedicación completa.

O importe do contrato será de 14.800€ + IVE/ano.

SEGUNDO. Servizos a prestar

Coñecida coma unha inmersión dentro da formación, os servizos a prestar serán:

- a. Asistencia a ensaios e concertos, e apoio en todo o traballo artístico.
- b. Acompañar e traballar en colaboración co director titular e artístico da RFG en temas artísticos.
- c. Asistir ao director titular e á directora técnica para o logro dos obxectivos artísticos estipulados.
- d. Asistencia a reunións artísticas, loxísticas, correspondencia con compositores, revisión de edicións e reforzo no traballo de oficina cando así lle sexa encomendado pola dirección artística ou técnica da RFG.
- e. Axuda no desenvolvemento de proxectos formativos ou singulares.
- f. Estar en disposición de substituír o director titular e invitados en semanas de traballo en caso de circunstancias excepcionais, co obxecto de preservar a programación establecida.
- g. Dirixir ata un total de 11 programas coa RFG e EAEM (incluídas no anexo).
- h. Todas aquelas funcións que, no ámbito destas competencias, lle sexan encomendadas polos responsables artísticos e técnicos da RFG.
- i. Colaboración nas actividades propias da Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM).

TERCEIRO. Requisitos dos aspirantes

Para a admisión na realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos:

- a. Ter nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea. No caso de terceiros países, os aspirantes deberán aportar un permiso de residencia na UE.
- b. Ser maior de idade (18 anos) e menor de 35 anos na data na que finalice a recepción das candidaturas.
- c. Estar en posesión dun Título Superior de Música e formación específica en dirección orquestral (máster e/ou outros) na data na que finalice a recepción das candidaturas.

- d. As habilidades lingüísticas esenciais inclúen o español e o inglés escritos e falados. Valorarase positivamente a competencia noutras linguas, así como o interese polo galego.

CUARTO. Documentación a presentar

Toda a documentación requerida se presentará por medio da plataforma MUVAC (<https://www.muvac.com/vac/real-filharmonia-de-galicia-1c54927>):

- a. Formulario inscrición en liña
- b. Copia Pasaporte/DNI
- c. Proba de residencia en Europa, no caso dos aspirantes de fóra da UE.
- d. Currículum Vitae e unha foto recente (formato .jpg ou .png)
- e. Titulación relacionada (Grao en Dirección, Titulación Superior de Música ou máster en dirección).
- f. Vídeo presentación (en inglés, castelán ou galego, máximo 2 minutos) onde o candidato/a explique as súas motivacións para presentarse ao posto.
- g. Dous ou máis vídeos coas seguintes características:
 - Mínimo 2 minutos de duración
 - Traballos recentes de ensaios e/ou actuacións, en donde se vexa con claridade o director (toma frontal)
 - Obras de estilos diferentes

QUINTO. Procedemento e datas

O proceso de selección constará das seguintes fases:

- a) **Primeira fase:** Selección por medio dos Currículum Vitae e material audiovisual facilitado polas persoas candidatas.

Desta fase serán seleccionados 8 candidatos/as como máximo.

Confeccionarase unha lista de espera e, no caso de baixa dalgún aspirante seleccionado, seleccionarase ao seguinte candidato/a.

- Data de envío de solicitudes dos aspirantes: do 3 de agosto ás 10:00h ao 17 de setembro de 2023 ás 23:59h.
- Data de comunicación de aspirantes seleccionados para a segunda fase: 16 de outubro de 2023.

- b) **Segunda fase (4 decembro):** Dúas probas presenciais en Santiago de Compostela (Auditorio de Galicia), baixo a supervisión do director artístico da RFG, nas que as persoas candidatas deberán dirixir:

- Igor Stravinsky: Concerto en Mi bemol 'Dumbarton Oaks' (Editorial Schott).

A orde dos candidatos e das obras nos ensaios será determinado polo tribunal.

Pasarán á seguinte proba un máximo de 3 persoas.

c) Terceira fase (5, 6 e 7 de decembro):

- Johannes Brahms: Variacións sobre un tema de Haydn (Editorial Breitkopf)
- Ludwig van Beethoven: Sinfonía núm. 2 en Re Maior, op. 36 (Editorial Bärenreiter)
- Obra contemporánea a determinar (será facilitada ás persoas candidatas unha vez superada a primeira fase).
- Entrevista co tribunal

Realizarase un concerto coas persoas finalistas o día 7 de decembro. Ao finalizar o concerto comunicarase o gañador/a.

A segunda persoa con maior puntuación será considerada como reserva/suplente.

As persoas candidatas deberán achegar as súas propias partituras para a realización da proba. A orquestra proverá as particellas correspondentes nos ensaios e o concerto final.

SIXTO. Tribunal

Constituirase un Tribunal integrado polo Director Titular da RFG, a Directora Técnica, o concertino da orquestra e un/unha director/a a determinar.

A decisión do tribunal será inapleable.

ANEXO. Lista de compromisos previstos

Neste apartado inclúense algunhas das datas dos proxectos a realizar polo director/a asistente, de acordo coa programación do ano 2024 da RFG:

- 1, 2 e 3 de febreiro de 2024 (Concertos didácticos)
- 22 e 23 de febreiro de 2024 (Concertos de abono)
- 16 de marzo de 2024 (Concerto co alumnado do Curso Especialización Instrumental da Escola de Altos Estudos Musicais)
- 25, 26 e 27 de abril de 2024 (Concertos Didácticos)
- 23 e 24 de maio de 2024 (Concertos de abono (EN)FOCO)
- Concertos a definir de xullo a decembro.